

MULLERES A Secretaría das Mulleres organiza espazos para a aprendizaxe compartida do uso de novas tecnoloxías ▶ 13



OFENSIVA DA INDUSTRIA ELÉCTRICA

Asembleas e protestas érguense en paralelo á avalancha de proxectos de parques eólicos ▶ 16



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLVII - Nº 335 - Verán 2021

O SECTOR LÁCTEO RENOVA DIRECCIÓN NO SLG E COMEZA UNHA NOVA ETAPA

A afiliación do SLG celebrou en Lalín o Congreso do Leite. Deste saiu refrendada a nova dirección, deseñada nas asembleas comarcais celebradas por toda Galiza nos meses previos. Estará encabezada por Manuel Villaverde, de Quintillán (Forcarei) e Ana Rodríguez, de Sabadelle (Chantada). Unha dirección renovada con obxectivos claros: rachar co desánimo que se percebe no sector, achegar novas análises e solucións, e facelo levando á cidadanía a importancia e as alternativas que existen nun sector fundamental na Galiza ▶ 3 a 5



Encontro internacional reflexiona sobre as consecuencias da PAC e as alternativas posibles ao modelo da agroindustria

Máis labregas = Mellores alimentos. Como a PAC desenhá as nosas producións, paisaxes e alimentos foi o título do seminario internacional que o SLG celebrou a comezos de xullo. Un espazo para o encontro de voces que, de distintos enfoques e xeografías, enriquecen a crítica á PAC vixente e a imaxinación e construción de

alternativas desde a soberanía alimentaria e a agroecoloxía, a dignidade labrega e a defensa dun sistema agroalimentario sustentábel e xusto ▶ 7 a 10



séguenos en

www.sindicatolabrego.com

e tamén en

[facebook](#)

[twitter](#)

EDITORIAL Tres escenarios para a negociación da PAC e do Plan Estratéxico Estatal

EUROPA- No diálogo a tres bandas do 24 e 25 de xuño os negociadores europeos (Parlamento, Comisión e Consello) chegan a un acordo provisional sobre os 3 Regulamentos da PAC, acordo aceptado polas ministras e ministros de agricultura na reunión do 28 e 29 de xuño. Os acordos afondan nesta PAC e empeoran, incluso, a proposta inicial da Comisión: o tope de axudas é facultativo para os estados membros, e permite descontar custos laborais; o pago redistributivo é obrigatorio 'con posibilidade de excepción'; no regulamento da Organización Común de Mercados non hai grandes avances en medidas de xestión de crise, e non se prohíbe importar produtos que conteñan praguicidas non tolerados en Europa.

MINISTERIO- A Conferencia Sectorial de Política Agrícola Común, á que asiste o Conselleiro de Medio Rural de Galiza xunto cos e cas 16 do ramo das demais comunidades autónomas e o Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas, debate o 14 de xullo unha proposta para a elaboración do Plan Estratéxico da PAC. A proposta non é accesíbel para as organizacións agrarias até unha nota de prensa posterior. Ademais, celébrase a porta pechada, impedindo coñecer que posturas defende cada quen.

O Ministro di que "estamos diante dunha PAC máis xusta, máis social, máis igualitaria" e o Conselleiro, José González, aparece na prensa cualificando o acordo de "histórico". Para remate, nen fica claro que o documento estea aprobado: o Ministro di que si, hai conselleiros que din que non... Todo transparencia, e 'todo pode pasar aínda'.

Ao noso ver, a única mellora que figura no documento con respecto aos anteriores é que o punto 8 fala das mulleres. E mesmo así, fica pendente comprobar que a mención

se concrete realmente en maiores apoios. O resto do documento é moi xeral mais, onde entra a definir, hai cambios respecto da Conferencia Sectorial do 23 de xullo de 2020.

A figura de 'persoa agricultora activa' continúa cunha definición o bastante ampla para que nada cambie, e continuar a beneficiar terratenentes e absentistas.

O pago redistributivo só vai ter de redistributivo o nome, de se aplicar tal e como propón o Ministerio. E o tope máximo empeora respecto ao documento anterior: máximo de 200.000 euros de axuda básica á renda por cada persoa beneficiaria.

Continúan os dereitos de pago, concedendo dereitos a sectores que non tiñan (froita, horta, vitivinicultura), con 20 rexións de pago e converxencia plena no ano 2029. Non aparece unha rexión específica para a cornixa cantábrica, demanda das organizacións agrarias e das Consellarías da Galiza, Asturias, Cantabria e Euskadi. E si aparece xa para as Illes Balears, o que fai prever difícil que estean por se incluír novos cambios.

Hai un incremento da axuda asociada para o sector lácteo. Aínda que o dado é positivo, sospeitamos que queira camuflar ou unha nova baixada importante do pago por hectárea, ou a intención de igualar o importe por vaca sexa cal sexa o número de vacas da granxa (o que beneficia outros territorios cun maior número de vacas por granxa).

E non sabemos da postura da Consellaría nin do Ministerio nas intervencións sectoriais apícola e vitivinícola. Neste último, Galiza non existe para o Ministerio e, polo tanto, a incidencia é mínima para o sector.

CONSELLARÍA- O Sindicato Labrego Galego entrega o 16 de xullo as súas propostas para o 2º Piar da PAC, os fondos de Desenvolvemento Rural, que van ir incorporados no

Plan Estratéxico estatal. Esta recentralización da xestión e do deseño dos fondos é xa unha cuestión grave.

As propostas inciden na esixencia dunha verdadeira participación no deseño das nove liñas estratéxicas propostas pola Consellaría, máis alá das respostas ás preguntas que se nos formulan nesa data.

É prioridade neste período conseguir que as persoas agricultoras e/ou gandeiras a título principal que volvan quedar fora do primeiro piar por cuestión de dimensións se vexan cubertas polas agroambientais galegas, mediante os pagos a tanto alzado que posibilita o artigo 65 do novo regulamento da PAC. Non podemos permitir que estas persoas queden excluídas de novo.

Ademais, insistimos na necesidade de asegurar un relevo xeracional, con modificacións substanciais das actuais axudas. E demandamos que a Lei de Recuperación de Terras Agrarias se enfoque na práctica en facilitar este relevo, tendo en conta que o acceso á terra é un dos principais obstáculos.

E, entre outras moitas cuestións, pedimos o mantemento das axudas para as zonas con limitacións naturais e zonas con outras limitacións, cambios nas axudas de inversións tanto para as granxas como para as industrias, novas propostas de intervención que se poderían financiar cos fondos FEADER e que serían moi relevantes, etc.

Queda tempo para concretar moitos aspectos. Aínda co marco europeo definido, hai moita marxe para os Estados. Non vemos na Galiza peso político suficiente para conseguir que esta PAC teña en conta as peculiaridades galegas que, certamente, son moitas. Temos que seguir denunciando que a PAC que propón o Ministerio vai ser, outra vez, moi inxusta para as persoas agricultoras e gandeiras galegas.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane e Conchi Mogo.

COLABORACIÓNS
Xosé García Rodríguez,
Ana Rodríguez, María Ferreiro

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147

COORDINACIÓN
Equipa de Prensa do SLG

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Equipa de Prensa do SLG

PECHE DE EDICIÓN 27-09-2021

prensa@sindicatolabrego.gal

www.sindicatolabrego.com

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS ☎ 630 970 131
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Avda. Leopoldo Calvo Sotelo, nº 1 A, 1º E. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 698 159 667
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edf. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Rúa Ramón Franco 8, Escalera E, Porta 5 (O Rosal). ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 648 263 009

Unha renovada Dirección do Leite inicia nova etapa tralo congreso sectorial

O Pazo de Liñares, en Lalín, foi o enclave escollido para celebrar o Congreso do Leite do Sindicato Labrego Galego o 11 de xuño. Desta vez, a afiliación elixiu un gandeiro de Quintillán (Forcarei, Pontevedra), Manuel Villaverde Salgueiro, como novo responsábel para os vindeiros catro anos. Xunto a el, será vicerresponsábel Ana Rodríguez, de Sabadelle (Chantada, Lugo), e terán o apoio dunha renovada Dirección do Leite cuxos membros saíron elixidos das diversas asembleas comarcais que se celebraron na Galiza nos meses previos. Desta maneira, no SLG dásele relevo á Dirección do Leite xurdida do anterior congreso, elixida o 15 de decembro de 2017, e á gandeira vilalbesa Lupe Prado, quen levaba sendo responsábel sectorial dende o 17 de marzo de 2007, data na que fora elixida no marco do VII Congreso do SLG.

Na súa intervención inaugural, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, fixo memoria do que supuxeron os últimos catro anos para o sector lácteo galego, denunciando “o pouco peso que tivo diante de decisións e feitos relevantes totalmente contrapostos á súa importancia neste país”. Neste senso, destacou dúas cuestións fundamentais para o sector lácteo para as que non se tivo en conta a opinión dos gandeiros e das gandeiras: a primeira, a criminalización do sector a causa das emisións de gases con efecto invernadoiro, esixíndoselle á gandería bovina unha redución do 50% cando non se toca a produción intensiva porcina e avícola, auténticas culpábeis desta contaminación; e, a segunda, as negociacións da Política Agraria Común (PAC), “á que a Xunta segue sen darlle moita importancia”.

A maiores, tamén recordou “o desmantelamento dos poucos foros que había para falar do sector lácteo na Galiza. Dende o ano 2012 non se volveu convocar a Mesa do Leite. Tratábase dun foro de alcance limitado, certo, pero até iso desmantelaron coa excusa de que xa existe unha Interprofesional Láctea (Inlac) en Madrid. Pero nós temos o 40% das granxas do Estado, que son fundamentais para moitas comarcas, polo que as decisións que se tomen sobre o sector lácteo galego non deberían tomarse



Isabel Vilalba salientou, na intervención de apertura, a necesidade de que, fronte ao desánimo, o sector “volva organizarse para ter forza e voz propia, cunha análise dos principais problemas e achegando ademais solucións”

fóra de Galiza”.

Fronte ao “desánimo” que está a acusar o sector actualmente, Vilalba avogou por que “se volva organizar para ter forza e voz propia. Por iso, con este Congreso queremos crear un grupo dinámico e potente no SLG que sexa quen de chegar ao resto do sector para ter unha voz e un análise dos principais problemas e, a maiores, achegar solucións”

A importancia de implicar a sociedade no sector lácteo

Tanto Isabel Vilalba como o novo responsábel do sector, Manuel Villaverde, coincidiron á hora de destacar a importancia de que o sector lácteo chegue coa súa mensaxe á cidadanía. Para Vilalba, a Dirección do Leite debe ser “un grupo de traballo ilusionante co que poidamos chegar ás nosas veciñas e veciños con voz propia. É inconcebible e frustrante que o sector lácteo siga a estar invisibilizado, tanto nas súas necesidades como nas súas problemáticas, a pesares da importancia fundamental que ten neste país. E, nese traballo, temos que reforzarnos coa sociedade”. Pola súa banda, Villaverde afirmou que “a opinión pública é a única que nos pode botar unha man porque cada vez somos menos”, da mesma maneira que considerou importante a colaboración e participación dos afiliados e das afiliadas na vida sindical, xa que “os sete ou oito que poidamos estar na Dirección do Leite non somos abondo. Precisamos máis mentes pensando e máis ollos mirando”.

SEGUE ▶

Voces diversas para comezar

“Temos un rural baleirado e queremos rematar de baleiralo inzándoo de parques eólicos?”

O novo responsábel do Sector Lácteo do SLG ten unha sociedade xunto á súa muller, María Xosé, en Quintillán (Forcarei). Con trinta vacas adultas, anexan trinta hectáreas en réxime de pastoreo. Manuel Villaverde ten claro que o que traballan non é unha explotación, “unha palabra fea para o traballo que nós facemos. Nós non explotamos a ningún”.

Con esa premisa, explotacións serían as industrias. Elas si que explotan: “Cun prezo ao redor dos 30 céntimos, que é onde nos movemos, nunca é suficiente para o traballo que supón levar unha granxa”, queixase Manuel. “Para min, os prezos deberíanse intervenir”, afirma rotundo. “Din que non se pode, pero en realidade xa o

están facendo a través das subvencións, da PAC, etcétera. Esas axudas que cobramos é o mesmo que intervir o prezo a favor da industria, xa que permite que nós lle poidamos vender un leite barato por baixo de custes”. Por riba, “nos últimos dez anos os custes de produción triplicáronse”, polo que a rendibilidade sempre camióna na corda frouxa.

Así e todo, os prezos non son a máxima preocupación de Manuel, especialmente combativo coa ameaza eólica. En Forcarei, hai 16 peticións para construír parques eólicos. O proxecto Tramontana, en concreto, “implica o paso de liñas de alta tensión a quince metros da miña granxa, e non é a única afectada. Trátase dun parque eólico que pretende



MANUEL VILLAVERDE ▶ Quintillán (Forcarei)

executarse na zona con máis actividade gandeira do municipio e que afecta o 80% dos socios e socias da cooperativa gandeira que temos no concello”.

Aínda que están previstos 16 aeroxeradores, a liña de alta tensión proxectada está deseñada para evacuar a electricidade de 80 muíños, polo que sospeitan

que, de ir para adiante, isto sería só o comezo da desfeita. “Temos un rural baleirado e queremos rematar de baleiralo con muíños?”, pregúntase. Fronte a esta ameaza, crearon unha asociación na que está implicada toda a veciñanza, sen importar as cores políticas, “non para negociar coa empresa, senón co obxectivo de

“Se nós estamos ben, as nosas vacas tamén deben estalo e, para iso, deben criarse ao aire libre”

Concha Blanco formou en 2015 unha sociedade civil cunha das súas irmás para dar continuidade a unha granxa familiar en Maceda (Friol) que, cando menos, se remonta ao século XIX ao tomar o nome do bisavó, Casa Bértolo. Trátase dunha granxa de leite en ecolóxico, aínda que tamén teñen reses de Rubia Galega para carne. Antes da sociedade civil, “a nosa granxa xa levaba dúas décadas desintensificando e mercando terras para pasteiros. Se nós estamos ben, as nosas vacas tamén deben estalo, e para iso deben criarse ao aire libre, non alimentadas con penso e pechadas nunha nave”. Froito da crise de 2017, en Casa Bértolo decidiron comezar a transformar a produción para darlle valor en-

gadido, decantándose por construír unha queixería na que elaboran queixo do país que comercializan de forma directa.

Un dos grandes atrancos, para unha granxa coma esta que aposta polo pastoreo “é que bate cun dos principais problemas que temos na Galiza, que é a falta de xestión do territorio e de apoios ás granxas. Agora andan coa mobilización de terras, pero supoño que será unha segunda volta de rosca despois de que Fraga decidise inzarnos o país de eucaliptos”.

Neste senso, no da xestión do territorio, Concha é moi crítica, especialmente coa Política Agraria Común: “Debemos transformar e reconverter a PAC. A Política Agraria Común non me



CONCHA BLANCO ▶ Maceda (Friol)

pode penalizar por conservar fragas, por ter arborado xunto aos prados. En Castro, por exemplo, temos 35 hectáreas de terras xunto á queixería, pero respectamos os penedos que había, os carballos que se podaron durante séculos de maneira sostible para producir leña, os valados de pedra que ergueron os nosos devanceiros, fomentando todo tipo

de biodiversidade. Todo isto temos o deber de conservalo, e os consumidores e consumidoras tamén, mercando produtos que respecten toda esta biodiversidade. Eu defendo a produción ecolóxica máis alá dunha simple certificación; para min é unha maneira de xestionar que nos permite conservar e manter o territorio”.

a forxar a voz do sector lácteo

“No sector lácteo tendemos a queixarnos moito pero a non facer nada para esixir prezos mellores”

Ana Rodríguez forma parte dun proxecto leiteiro no que se fusionaron tres granxas da parroquia de Sabadelle, en Chantada, no ano 2002. “Para min e para o meu compañeiro era importante formar parte dunha sociedade porque valoramos moito ter tempo libre e para descansar”.

Xestionan preto de cen hectáreas e para a súa actividade teñen contratados dous dos socios e tres traballadores a maiores “e vivimos ben coa produción de leite que temos e o prezo que percibimos”. Aínda que esta afirmación poida semellar contraria ao discurso habitual dos prezos baixos no sector, Ana matiza: “Aínda que poidamos vivir con estes prezos, outra cuestión moi distinta é que no sector tendemos

a queixarnos moito pero a non facer nada para esixir prezos mellores. Debemos esixir un prezo xusto polo leite que producimos, pero non choralo, non estar sempre queixándonos. Debemos pedir o prezo que nos corresponde, o prezo que xa cobran outras comunidades do Estado e outros países de Europa, pero que nós non percibimos polo mesmo produto. Está claro que o prezo que percibimos non é o que nos corresponde”.

Ana, ademais de gandeira, é técnica do SLG especialista en PAC. Nesta cuestión, advirte que se está consolidando unha imaxe dos gandeiros e das gandeiras como profesionais moi subvencionados, “e iso é falso. O importe de axudas da PAC que percibimos

“Cando todos mercaban cota, nós cuestionámolo e buscamos como sacar máis rendemento ao leite”

Xesús Pereira ten unha granxa de leite en ecolóxico con trinta vacas a muxir, 31 hectáreas de terras e unha produción ao redor dos 240.000 litros por ano. Deu o paso de producir en ecolóxico xunto a outras dúas granxas de Arzúa, comezando a certificar no ano 2010. “Daquela, dependíamos totalmente da única industria que nos recollía o leite. Os prezos non eran sempre os mellores, polo que pensamos en transformar o leite para darlle valor engadido. Así que fixemos unha SAT e abrimos a queixería nunhas instalacións que xa existían nunha das granxas”.

Agora mesmo, están a dar os primeiros pasos coa queixería: “Facemos un queixo de leite cru para que acade matices singula-

res. Agora, estamos transformando entre 400 e 800 litros á semana. É unha produción pequena e aínda non fixemos o labor de comercializalo. Só estamos atendendo demanda directa e vendendo na propia queixería, pero a intención é a de ir aumentando a produción no futuro”.

A aposta por producir en ecolóxico foi “nunha etapa na que as granxas andaban mercando moita cota, a xente só pensaba en aumentar a produción, pero nós cuestionamos iso. En vez de aumentar a produción, pensamos en sacar maior rendemento ao que faciamos, comprobando que o manexo e xestión das nosas granxas xa era practicamente ecolóxico. Mesmo hoxe en día, segue habendo moitas granxas na Ga-



ANA RODRÍGUEZ ▶ Sabadelle (Chantada)

na Galiza é máis baixo que na maioría de granxas da UE e do Estado”. Rodríguez advirte con que esta posición desigual pode empeorar coa nova PAC porque o sector lácteo “non está presente nas negociacións”.

Outra imaxe falsa que criticou a nova vicerresponsábel do Sector Lácteo no Sindicato Labrego foi a de asociar a produción bo-

vina coa emisión de gases con efecto invernadoiro. “Non podemos facernos responsábeis da contaminación gandeira que producen outros sectores intensivos. Outro tanto acontece co decreto dos xurros e debemos incidir en dúas cousas: Os xurros son indispensábeis para fertilizar as nosas fincas e non son un refugallo se o utilizamos para fertilizar”.



XESÚS PEREIRA ▶ Busto (Arzúa)

liza que producen practicamente en ecolóxico pero sen certificación. É unha mágoa. Nós sacabamos as vacas pacer todos os días, dabámoslles o mínimo penso posible, abono non botabamos... Tivemos que deixar de botar herbicidas ao millo, pero pouco máis. Producir en ecolóxico si dá un pouco máis de traballo burocrático porque debemos levar re-

xistro de todo, pero unha vez que te adaptas non é difícil”.

Esa aposta traducíuse en que, a día de hoxe, “estamos a cobrar un prezo que considero xusto: 51 céntimos por litro, calidades e IVE aparte. Creo que é un prezo que nos permite defendernos, remunerar ben o noso traballo e, grazas a el, mantéñense tres postos de traballo na nosa granxa”.

VIÑO ▶ A mediados do mes de xuño unha treboada estragou viñedos en parroquias chantadinas como San Fiz, Sabadelle, Belesar, San Vitorio ou Pesqueiras

O SLG reclama axudas para paliar os danos provocados pola sarabia na Ribeira Sacra

O pasado 16 de xuño, unha sarabiada causou importantes estragos na denominación de orixe Ribeira Sacra. Os danos concentráronse nunha das principais zonas produtoras de uva, especialmente na parroquia de San Fiz e outras veciñas como Sabadelle, Belesar, San Vitorio ou Pesqueiras, nas subzonas de Chantada e Ribeiras de Miño.

Ademais de destruír colleitas enteiras, temos constancia de que as treboadas levaron por diante valados, socalcos e mesmo destruíron vides. A estes danos, que supoñen a ruína da campaña que ía comezar na vindeira vendima e os ingresos de todo un ano para moitas explotacións e adegas, súmanse ás perdas acumuladas durante a campaña pasada debido ao estado de alarma e o peche da hostalería.

Axudas directas, sen escusas
Diante desta desfeita, dende o SLG reclamamos da Consellaría de Medio Rural a realización dun rexistro dos labregos e labregas afectadas e da superficie real danada pola sarabia, ademais doutros danos colaterais en adegas e instalacións, sen esquecer outros cultivos e sectores agrogandeiros, informando con transparencia sobre a cuantificación dos estragos sufridos. Para iso, podería utilizar os servizos do persoal da oficina agraria comarcal de Chantada e contratar persoal de reforzo se fose necesario.

De seguido, cos datos na man, Medio Rural debería crear unha liña de axudas directas semellante á creada para apoiar aos viticultores e viticultoras da Ribeira Sacra afectadas pola sarabia en 2016. Agardemos que, nesta ocasión, a Xunta non veña coa escusa de que *“todo o asegurable non é subvencionable”*.



Nunha valoración dos danos, Primitivo Lareu, vogal no Consello Regulador da Ribeira Sacra, distingue tres niveis de impacto: zonas moi afectadas nas que só quedou en pé a madeira da cepa, outras nas que sobreviviu unha parte de follaxe e acios, e outras nas que os acios foron afectados parcialmente. As persoas viticultoras máis afectadas non só perderon a colleita deste ano, senón que tamén posiblemente padezan consecuencias no vindeiro.

Independentemente do grao de afectación, tódalas produtoras e produtores van ter que facer fronte a gastos e traballo extra. Dende o SLG, Primitivo Lareu solicitou a activación de



liñas directas de axuda para poder compensar a estas viticultoras/es e axudar na recuperación dos viñedos. Tamén subliñou as carencias de adaptabilidade dos seguros agrarios á

zona da Ribeira Sacra, que non teñen en conta a complicación xeográfica, a predominancia de traballos manuais, ou os desniveis e pendentes propios desta área.

Tanto produtoras e produtores como bodegas deben ser apoiados pola Administración diante desta situación, xa que todos estes axentes son activos no coidado da paisaxe, mantemento da biodiversidade e preservación do entorno.

Parar e pensar outra Política Agrícola para o ben común

Conscientes da transcendencia da actual etapa de deseño da nova Política Agraria Común (PAC) que rexerá a agricultura dos países da UE até 2027, o Sindicato Labrego Galego organizou nos días 2 e 3 de xullo un seminario internacional baixo o título *Máis labregas = Mellores alimentos. Como a PAC diseña as nosas producións, paisaxes e alimentos*. O encontro, celebrado entre o Centro Galego de Arte

As xornadas comezaban con unha mesa titulada *Por unha PAC para as labregas: As loitas sindicais*, unha cronoloxía da PAC e da autoorganización e as respostas labregas que evolucionaron en paralelo.

Gerard Choplin, analista de políticas agrarias dende hai mais de 30 anos, participante na constitución da Coordination Paysanne Européenne en 1986, repasou a evolución das políticas agrarias europeas até a PAC vixente, *“sen lexitimidade social, ambiental ou internacional”*. Sen lexitimidade internacional porque branquea o dumping (exportacións por baixo dos custos de produción) que destrúe economías agrarias de terceiros países; sen lexitimidade ambiental polo seu marco produtivista, dependente do uso masivo de combustíbeis fósiles e agrotóxicos; e sen lexitimidade social por uns criterios que acentúan os desequilibrios favorecendo as producións máis grandes.

Lidia Senra, pola súa parte, apelou á memoria de décadas de loita labrega para tirar aprendizaxes para o presente e máis para o futuro. A que fora Secretaria Xeral do Sindicato Labrego entre 1989 e 2007, e posteriormente eurodeputada, lembrou a insistencia en que labregos e labregas debían ‘modernizarse, producir, competir, exportar’, unha trampa en forma de slogan neoliberal que

pretendía *“promover a competencia entre pares e disolver o que até entón era a comunidade labrega”*. Mentres, as institucións enchían a co rural e a agricultura pero sen dar espazo á voz do campesiñado. *“Todo o mundo falaba de nós pero sen nós”*, dixo Senra, *“e por iso cumpríu elaborar alternativas para a nosa clase”*. Alternativas concretadas na constitución de La Via Campesina e, entre outras moitas, a aposta estratéxica pola Soberanía Alimentaria.

Perspectiva estatal e galega

Unha segunda mesa situouse o momento actual de desenvolvemento da PAC e das súas aplicacións ás distintas escalas administrativas, e o papel dos distintos gobernos.

Andoni García -de EHNE Bizkaia, da executiva da COAG e do Comité da Coordinación Europea Via Campesina- criticou unha PAC que continúa sen contemplar instrumentos para regular mercados. *“Precisamente, os que permitirían incidir nos prezos e, polo tanto, nas rendas das persoas”* que traballan na produción de alimentos.

Isabel Vilalba, secretaria xeral do SLG, amosouse pesimista no desenvolvemento da reforma da PAC no Estado Español, continuista cos modelos industriais e produtivistas de enorme dependencia externa de insumos do mercado neoliberal global e das grandes co-

Contemporánea e o Museo do Pobo Galego, en Compostela, orientouse a analizar o impacto que leva anos tendo a PAC no noso sistema agrario e alimentario, e tentar fixar claves e liñas de referencia das mudanzas necesarias para que beneficie, realmente, o acceso a alimentos sans e de calidade a toda a cidadanía respectando a dignidade e importancia dos labregos e das labregas.



mercializadoras. Modelos que son deixan de ser auténticos mecanismos de desposesión dos labregos e das labregas. Ademais, no que toca á aplicación no marco autonómico, Vilalba anotou a sensación de que a Xunta *“non pinta nada”* nas

negociacións en que pode estar presente, e a evidencia de que *“pensa máis nos intereses de catro grandes empresas do que na vida que se desenvolve no territorio, alí onde pequenos proxectos están a producir os alimentos”*.

Pasado, consecuencias e futuro da aplicación da PAC na Galiza. Unha historia de expulsións, desequilibrios e debates evadidos

Alba Díaz Geada, doutora en Historia Contemporánea e investigadora na USC, colocou un punto de referencia no final da Segunda Guerra Mundial, en que diversos teóricos e teóricas colocan o inicio do que se deu en chamar 'a morte do campesiñado'. Foi unha etapa en que as teorías da modernización se instalaban etiquetando as sociedades en desenvolvidas ou subdesenvolvidas "sendo a escala de medida do desenvolvemento o encaixe no modo de produción do capitalismo de consumo". E na Galiza o rexime fascista veu colocar, baixo a consigna 'desarrollista' de 'menos agricultores, mejor agricultura', os cimentos para umha disxuntiva que aínda sofremos: "especializarse -e nunca chegar a ser grande abondo para o mercado ou abandonar a produción".

Emilio Carral Vilariño, profesor na Área de Ecoloxía da USC,



situou acima da mesa o concepto de 'fenda alimentaria', que relaciona a capacidade de produción coas necesidades de consumo dunha sociedade ou territorio. Aplicando á Galiza a metodoloxía, obtemos unha radiografía que en termos globais parecera falar de certa capacidade de autoabastecemento e

portanto unha 'aparente soberanía alimentaria'. Porén, ollando con máis pormenor, atopamos un sistema mui desequilibrado. Desequilibrado entre rexións e tamén desequilibrado na produción de distintos alimentos, a respecto das proporcións en que estes deben estar presentes nunha dieta. E

advertiu de que "estes desequilibrios menos visíbeis son un problema que compromete a sustentabilidade".

Ana Rodríguez, labrega e técnica do SLG especializada en PAC, foi moi crítica coas negociacións, en que "os números serven para embarullar e para que non se fale do que realmente se debería falar". Elabórase unha PAC "inintelixible agás para uns poucos funcionarios especializados de Bruxelas", evítanse debates comprometidos e nunca se concreta a suposta función equilibradora e redistribuidora da PAC. Mentres tanto, aliméntase a suposta contradición entre intereses das produtoras e produtores dos distintos territorios que vela a contradición real entre as pequenas producións e os fondos de investimento e terratenentes que cobran grandes contías da PAC.

PAC e Medio Ambiente: tecnooptimismo infundado e modelos importados

Andrés Castro, enxeñeiro técnico do SLG, incidiu na importancia da diversidade biolóxica e de paisaxes, factores que a PAC debería protexer. Porén, ignóraos ou, directamente, fomenta a súa desaparición. Para Castro, a 'nova' Política Agraria Común "só é verde de fachada e peca dun tecno-optimismo sospeitoso", e confrontou ese modelo coa agroecoloxía, "o único camiño para arrefriar o planeta a través da agricultura". Alertou do confucionismo entre modelos agroecolóxicos e a simple certificación 'ecolóxica', ao alcance de empresas que acaparan terras, explotan laboralmente o seu persoal contratado, dependen de insumos externos e teñen pouco eficiencia,... creando un modelo análogo ao con-

vencional aínda que non utilice produtos químicos de síntese.

A responsábel de Agricultura, Desenvolvemento Rural e Alimentación Sustentábel de WWF España, Celsa Peiteado, participando por videoconferencia, denunciou que na PAC, a nivel estatal, o pagamento básico exclúe a práctica totalidade da superficie agraria pastoreada, discriminando negativamente fronte a modelos agrícolas intensivos nos mesmos territorios. Para Peiteado, a gandaría extensiva "debería ser un eco-esquema clave sempre e cando se abra a todas esas granxas agora excluídas". Tamén valora as posibilidades doutros eco-esquemas como a rotación de cultivos mellorada ou as cubertas vexetais vivas en cultivos



leñosos, fundamentais para minimizar a erosión nos climas mediterráneos.

O enxeñeiro agrícola Juan Castro denunciou un pacto tácito entre a Xunta e a Universidade para esquivar o debate público sobre a PAC, "un dereito que se nos nega e debemos reclamar". En ausencia de debate, políticas pensadas para sistemas ecolóxicos e modelos produtivos

doutros territorios impónense na Galiza para problemas que non existían, sen que se traballe en solucións propias. Para o enxeñeiro, isto é visíbel no deseño de eco-esquemas ou na tensión xerada pola obrigatoriedade dos inxectores de xurros, innecesarios e inviábeis na orografía galega e onde predomina unha alimentación do gando vacún ligada á base territorial.

A PAC e a alimentación das persoas: “É importante cultivarmos alimentos sans e que cheguen a toda a xente, non só a unhas elites”

Ester Comas, da asociación Justicia Alimentaria, denunciou un sistema alimentario *"pouco democrático que nos enferma, e que enferma máis as persoas con rendas máis baixas"*, e que se basea na explotación laboral das persoas, labregas ou xornaleiras. Para Comas, *"a fame no mundo é un problema político, non un problema técnico"*, e as solucións atópanse na agroecoloxía e nas políticas públicas alimentarias: compra pública de alimentos con criterios agroecolóxicos, regulamentación da publicidade e etiquetaxe sinxela e transparente, ou unha fiscalidade que facilite o acceso a alimentos saudábeis e penalice os máis insáns.

Dora Cabaleiro, labrega da cooperativa Ribeiregas, sinalou que *"é importante cultivarmos alimentos sans que cheguen a toda a xente que día a día está a loitar e a traballar, non só a unhas elites"*, e que para non

despistar ese obxectivo cumpre artellar todas as posibilidades que se teñan a man. Para alén dos mercados locais e labregos, sinalou como liñas a compra pública de alimentos ou os mecanismos cooperativos para a cobertura mutua das necesidades alimentarias. Valorou tamén a importancia de fomentar a implicación da xente na produción e no coñecemento consciente de onde, como e quen produce os alimentos, transcendendo o papel pasivo en que o sistema alimentario dominante coloca as consumidoras.

Vitor Rodrigues, da CNA, Confederação Nacional da Agricultura, colocou en contraposición o desenvolvemento da PAC coa reivindicación de Soberanía Alimentaria que a Via Campesina definiu e instaurou hai xa 25 anos. Repasou, da perspectiva do Portugal, os inúmeros exemplos de como a PAC expulsa as pequenas producións e baleira



o campo. Ese é, ao seu ver, o maior equívoco da PAC: *"Sen persoas non hai agricultura, non hai sustentabilidade ambiental, preservación do valor cultural e natural da paisaxe, coesión territorial e social; sen persoas non hai soberanía alimentaria"*.

Marta Soler, da Universidad de Sevilla, definiu a PAC como unha política para as grandes multinacionais, apoiada na economía patriarcal que só ten en

conta o mercado, o capital e o traballo asalariado produtivo e ignora os traballos de cuidados ou a natureza. Soler denunciou o proceso de *"descampesinización, non só material mais tamén cultural"* que atravesa a nosa sociedade, que nos afasta do territorio e da produción de alimentos. Fronte a isto, reivindicou *"unha recampesinización coas labregas e labregos no centro e con perspectiva ecofeminista"*.

A PAC e as mulleres labregas Neoliberalismo e desigualdade

Sonia Vidal, da Executiva do SLG e do Comité Coordinador da Coordinadora Europea Via Campesina, introduciu a mesa con datos como que, na Unión Europea, a media de superficie que xestionan as mulleres labregas é de 6,4 hectáreas, fronte ás 14 hectáreas que traballan os homes. E lanzou a pregunta que subtitulaba a mesa: *A PAC é feminista?* *"Está claro que non, nen en discurso nen en axenda"*, para Belén Verdugo, labrega agroecolóxica, activista de CERES e da revista Soberanía Alimentaria. *"Responde ao pacto entre capitalismo e patriarcado, o neoliberalismo que crea desigualdades e destrúe o medio rural"* mentres ignora outras maneiras de traballar e producións locais, artesanais e diversas. Salientou a necesidade do

traballo feminista, e o exemplo da campaña *#SOscampesinado*, articulada por espazos agroecolóxicos e ecofeministas de todo o estado para responder o feche de mercados labregos e os impedimentos para traballar a terra durante a pandemia.

"Como mulleres labregas, a PAC discrimínanos claramente", afirmou María Ferreiro, gandeira e responsable da Secretaría das Mulleres do SLG, antes de analizar a construción desa discriminación. Sinalou que a xefatura recae en homes nun 77% e en mulleres nun 23% dos proxectos agrogandeiros na UE. *"Canto maior a explotación, máis porcentaxe de xefes homes; e faise diso un argumento para negar a viabilidade das explotacións xeridas por mulleres"*. Porén, sinalou pártese do pre-



conceito e da prioridade que a PAC dá a un modelo intensivo e produtivista que non é o que predomina entre as labregas.

Para Isabel Álvarez Vispo, vicepresidenta de Urgenci (rede global arredor da CSA, 'agricultura sustentada pola comunidade'), *"a PAC non mira ás mulleres, pero tamén non mira para a comunidade, non mira*

para os cuidados, non mira para todo aquilo invisibilizado e marcado como feminino polo sistema económico". Dende as análises da economía feminista, Álvarez Vispo defendeu que fronte a *"invisibilización dos fogares"* propia do sistema dominante, a agroecoloxía debe *"aproveitar a potencialidade de traelos para o campo do visíbel"*.

Que agardamos da Política Agrícola Común?

Utopías de futuro: conclusións e desexos

A PAC elimina labregos e labregas en toda Europa. Fracasa en manter a agricultura familiar no territorio, e a substitución desta por explotacións intensivas, a produciren materia prima barata para a agroindustria e a exportación, parece imparábel.

A teoría da actual reforma da PAC pode soar ben: son precisas persoas no territorio con producións diversificadas para responder á demanda duns alimentos de calidade, redución de adubos químicos, antibióticos, praguicidas, redución da perda e desperdicio de alimentos, etc.

Mais calquera ollada atenta aos novos Regulamentos esclerece que non modifican nada importante. O actual modelo de intensificación, concentración e aumento da produtividade e exportación é agora vestido de ecoloxismo, sustentabilidade e loita contra o cambio climático. Na práctica continuará a expulsión de persoas do territorio, a perda de biodiversidade, a dependencia de outros insumos, e os alimentos a facer percorridos inmensos nun circuito insano de importación e exportación. Hai, porén, esperanza, alternativas e loitas en marcha.

A proposta campesiña fala de dignidade de clase

Para Isabel Vilalba, secretaria xeral do SLG, a mensaxe ten que ser "de esperanza", porque "xa estamos no proceso: no territorio hai proxectos sustentábeis en todas as comarcas, exemplos moi concretos de economía circular verdadeira. Eses modelos agroecolóxicos xa son unha realidade importante que cumpre visibilizar. Alén do mercado e as grandes facturacións, en case cada casa do rural hai unha produción alimentaria, biodiversidade



e xestión do territorio que ten que ser valorada".

"As labregas e labregos temos a capacidade de producir alimentos saudábeis nos nosos territorios. E dicimos labregos e labregas porque non podemos permitir que nos reduzan a produtoras de carne, a produtoras de leite". De aceptar esa categorización, di, a produtividade será o importante e as macrogranxas as gañadoras. "Somos moito máis que a produción concreta, e temos que mostrar á sociedade toda esa riqueza: as sebes, pozas, ou muros de pedra; a biodiversidade; a economía relocalizada, sustentábel, que non fai miles de quilómetros; o aforro enerxético".

"A nosa proposta, asentada na agroecoloxía e na soberanía alimentaria, ten como fin garantir alimentación de calidade, nutritiva e saudábel, a toda a sociedade, non a unha elite. É unha proposta que fala de solidariedade e de dignidade de clase, é a alternativa que como movementos sociais, como organizacións campesiñas, contrapomos ao mercantilismo e a delegación nas grandes empresas. Sabemos como alimentar a xente, como cuidar o medio ambiente, como transmitir a terra, a auga, os nosos territorios para as xera-

cións vindeiras. E para iso temos que continuar a compaxinar a loita para que a PAC actual non nos agreda, coa loita necesaria por unha outra PAC proxectada para o ben común".

Outra PAC nun marco de soberanía alimentaria

Para Gerard Choplin, cumpre camiñar "cara outra PAC nun marco de soberanía alimentaria". Serán necesarias "novas regras de comercio internacional máis xusto: sen dumping, con dereito a definir aranceis e prioridade para o comercio local"; tamén unha regulamentación dos mercados no nivel europeo, pois "con prezos xustos e estábeis non serán necesarias tantas axudas directas"; acabar coa gandaría industrial; e a exclusión de transxénicos "porque non son necesarios, e son perigosos para a autonomía das explotacións, o medio ambiente e a saúde". Canda todo isto é necesaria a instauración de regras para "a compra pública de alimentos local e ecolóxica".

Tamén indispensable, di Choplin, "cambiar a PAC co marco actual, porque é a realidade deste momento e, aínda que difícil, é posíbel facer algunhas mellores". Ademais, reflexiona, ante esa dificultade "estamos a

ver organizacións e persoas que están a priorizar o traballo a nivel local, con proxectos moi interesantes; pero sen cambios no marco europeo e o marco internacional estas iniciativas locais non van poder cambiar a Política Agraria". Por iso é ineludíbel "traballar nos tres niveis conxuntamente: local, europeo e internacional; por iso se creou no ano 1986 a Coordinadora Campesina Europea e no 1993, Vía Campesina, porque o traballo internacional é necesario".

"Hai futuro porque somos parte da solución"

Para Andoni García, "hai futuro porque no Pacto Verde europeo, aínda feito nun marco neoliberal, están reivindicacións históricas das nosas organizacións, porque o marco político nos está dando unha idea moi clara de que nos somos a resposta". Porén, aclara, cumpre "non enganarse, porque estamos a falar dun marco neoliberal; no que está escrito intégrase o modelo máis sustentábel de agricultura: venda directa, compra pública, sistemas locais... mais a concreción é o problema e, ademais, a PAC non acompaña".

Para García, as contradicións evidéncianse nas negociacións e organismos europeos, en materias como comercio internacional, ou no paradoxal deseño dunhas medidas ambientais que novamente virán favorecer os grandes e deixar excluídas as pequenas producións familiares, diversas e apegadas ao territorio. Sinalou neste sentido que "o organismo que máis contradicións mostrou foi o Consello de Ministros, os que máis responsabilidades teñen neste momento na concreción da PAC. Parece que os gobernos estatais e autonómicos son quen mellor está representando os intereses da industria e a distribución, perpetuando o modelo intensivo e de desaparición de pequenas granxas".

‘La Montaña’ ▶ O barco co Escuadrón 421, primeira das delegacións zapatistas, chegou a Vigo a finais de xuño

As labregas galegas organizadas no Sindicato Labrego Galego, presentes na arribada da ‘Travesía Zapatista pola Vida’

A responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro, foi a representante das mulleres labregas na cerimonia de benvida do Escuadrón zapatista 421 na praia de Alcabre. Dora Cabaleiro, da cooperativa Ribeiregas, coordi-

nou a cociña instalada no espazo de acollida “Caracol Zapatista As Pedriñas”, fornecendo alimentos ecolóxicos e de proximidade ás delegacións internacionais e persoas da contorna que se achegaron a participar no recibimento.

O 5 de outubro do 2020 o Ejército Zapatista de Liberación Nacional (EZLN) deu a coñecer a súa vontade de realizar unha Travesía pola Vida polos cinco continentes, para atoparse, dialogar, intercambiar ideas, experiencias e análises “entre quen nos atopamos empeñadx, dende distintas concepcións e en diferentes terreos, na loita pola vida”. Desprazaranse a Europa máis dun cento de persoas, na súa meirande parte mulleres, integrantes do EZLN, do Congreso Nacional Indígena (CNI) e do Frente de Pueblos en Defensa del Agua y la Tierra (FPDTA-MPT).

Dende principios do 2021 o Sindicato Labrego Galego vén participando, canda máis de corenta organizacións e persoas a título individual integradas na Coordinadora Galega Xira pola Vida, na elaboración dunha axenda colectiva de encontros, tanto para dar a coñecer as problemáticas do país á delegación zapatista, como para construír espazos e momentos nos que debater análises e partillar experiencias de loita, tanto con elas, como entre nós.

No mes de abril o EZLN anunciou que sería Galiza o lugar de chegada da primeira delegación zapatista a Europa: o Escuadrón 421, conformado por 4 homes, 2 mulleres e 1 outra (a categoría que emprega o EZLN para identificar aquelas persoas que non son homes nin mulleres). Aliás de elixir Vigo como porto de entrada da Xira pola Vida, ao longo destes meses o Himno Galego, o Nunca Máis ou cancións na nosa lingua veñen formando parte dos comunicados do EZLN, que se ato-



pan disponíbeis no sitio web Enlacezapatista.org.

O Sindicato Labrego Galego estivo tamén presente nas actividades desenvolvidas arredor da Arribada Zapatista a Vigo, que logo dunha semana de actividades que contaron con delegacións internacionais de Suíza, Alemaña, Francia, Suecia, Italia, Portugal, Grecia, Marrocos, Bra-

O EZLN realiza unha Travesía pola Vida polos cinco continentes, para atoparse, dialogar, intercambiar ideas, experiencias e análises “entre quen nos atopamos empeñadx, dende distintas concepcións e en diferentes terreos, na loita pola vida”

sil, Suecia, Colombia, República Checa, Irán, Catalunya, Euskal Herria, País Valencià, Andalucía, Murcia, Cantabria, Asturias, Madrid e Castilla y León, finalizou co acto de recibimento do Escuadrón 421 na praia de Carril (Alcabre, Vigo), na tarde do martes 22 de xuño.

Logo de 50 días de travesía marítima a bordo do veleiro nomeado “La Montaña”, a delegación zapatista foi recibida con gaiteras e un espello de loitas conformado por dúas persoas por cada unha das sete integrantes do Escuadrón 421, en representación da diversidade de colectivos en loita na Galiza e Europa. María Ferreiro, responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, participou nesta cerimonia en representación das mulleres labregas.

O SLG tamén asumiu a responsabilidade de fornecer alimentos no espazo comunitario As Pedriñas, territorio cultural recuperado pola veciñanza de Mos, xestionado pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Tameiga. Dora Cabaleiro, da cooperativa Ribeiregas da parroquia Ernes, en Negueira de Muñiz (Lugo), coordinou a posta en marcha da cociña, proporcionando comidas elaboradas con produtos ecolóxicos e de proximidade.

Ao longo dos meses de outubro, novembro e decembro, unha delegación zapatista integrada por case duasetas persoas dividirase en varios grupos que se distribuirán polo territorio europeo. Será entón cando se actuará tamén a axenda de actividades e encontros na Galiza, da que o Sindicato Labrego Galego formará parte.


SEMINARIO ▶ Visibilización dos elementos de desigualdade no deseño das normas

Europa non quere labregas: como a PAC discrimina as mulleres

A finais de marzo denunciámos a través de cartas dirixidas á Consellaría do Medio Rural, ao Ministerio de Agricultura e ao Ministerio de Igualdade os elementos discriminadores das mulleres na reforma da Política Agraria Común (PAC) que se está a deseñar para o Estado Español. Afondando nesta análise e reforzando a súa visibilización, organizamos o 23 de xuño o seminario europeo "Europa non quere labregas: Como a PAC discrimina as mulleres", en formato online. A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, a responsable da Secretaría das Mulleres, María Ferreiro, a técnica sindical do SLG experta en PAC Ana Rodríguez e a técnica da organización vasca Mundubat Isabel de Gonzalo incidiron naqueles aspectos nos que as políticas agrarias europeas seguen a redundar nas desigualdades entre homes e mulleres.

Por exemplo, tal e como está plantexada arestora a reforma da PAC, a forma de distribución das axudas "importantes" seguirase facendo en función exclusiva do número de hectáreas ou do número de animais, con moi pouca intención de que a axuda redistributiva teña unha aplicación efectiva. A proposta sobre a axuda básica á renda para a sostibilidade, a axuda complementaria á renda, a axuda dos ecoesquemas, as axudas asociadas, etc. van encamiñadas a granxas e explotacións cunhas dimensións en hectáreas e número de animais que, segundo os propios datos do Ministerio, non son as xestionadas por mulleres. Sabemos que canto máis grande é a explotación, menos mulleres hai como xefas da explotación.

Como destacou na súa intervención Isabel de Gonzalo ao fío do estudo da organización vasca Mundubat *Participación*



de las mujeres campesinas en las políticas públicas, o marco normativo que regula o ámbito rural do Estado español non presta a suficiente atención ás necesidades e intereses das mulleres, o que limita a súa presenza recoñecida na actividade agraria e a súa presenza na vida organizativa. Entre as barreiras que temos as mulleres son comúns non dispoñer da mesma cantidade de tempo para os labores produtivos e tampouco para a participación. Tamén a falta de lexitimidade e recoñecemento por parte das políticas públicas: as mulleres apostamos por modelos a pequena escala por diversos motivos e poden ser modelos perfectamente viables, pero non contan co apoio e promoción da administración, obcecada no sobre-dimensionamento das granxas. E claro, a lexitimidade resulta clave para a participación.

As mulleres estamos maioritariamente nas salas de muxido

das granxas de leite, estamos en moitos proxectos representativos da gandería extensiva, nos proxectos agroecolóxicos, estamos na maioría dos mercados de proximidade e ecolóxicos, estamos nos lugares onde se promoven grupos de consumo, nos colexios onde se están introducindo comida ecolóxica e local nos comedores... Somos milleiros de mulleres produtoras que non somos xefas de explotacións, non somos titulares, non cobramos PAC, non temos recoñecidas enfermidades laborais propias na agricultura e na gandería, non estamos cobrando pensións iguais que as dos homes. As mulleres non estamos nos papeis da PAC.

No ano 2019 había rexistradas no Estado 546 explotacións en titularidade compartida, pero poderían ser moitas máis se houbera un verdadeiro interese por parte das Administracións públicas en apoiar esta figura: existen arredor de

O modelo das mulleres é o modelo positivo, son quen o están facendo ben desde un modelo de soberanía alimentaria, desde un modelo de autonomía. Non hai que cambiar o modelo que representan as granxas das mulleres, hai que cambiar o modelo de granxas que representa a PAC actual

100.000 comunidades de bens no sector agrario e gandeiro formalizadas entre cónxuxes.

A PAC é unha política pública que debería estar ao servizo da sociedade, pero na práctica é unha política para o sistema alimentario globalizado.

Dende o Sindicato Labrego Galego temos claro que o modelo das mulleres é o modelo positivo, son quen o están facendo ben desde un modelo de soberanía alimentaria, desde un modelo de autonomía. Non hai que cambiar o modelo que representan as granxas das mulleres, hai que cambiar o modelo de granxas que representa a PAC actual.

NOVAS TECNOLOXÍAS ▶ Encontros para a adquisición de destrezas e seguridade

As mulleres labregas constrúen xuntas a súa autonomía no mundo dixital

En 16 e o 28 de xullo tivo lugar no local do SLG en Teixeira o curso formativo en novas tecnoloxías "As mulleres labregas conectadas nas redes. Eu participo, e ti?", que contou cunha moi boa acollida e motivou ás mulleres da comarca a continuar afondando na adquisición de destrezas para sacar o máximo partido ao teléfono móbil. Acordouse realizar novos encontros unha vez ao mes a partir de setembro para seguirmos avanzando neste eido.

Dende a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego elegimos traballar este tema a nivel formativo dada a crecente presenza que as tecnoloxías están a ter nas nosas vidas. Nestes últimos tempos ademais, este proceso está a ser especialmente acelerado polas Administracións, que en ocasións mesmo chegan a restrinxir o acceso a determinados servizos, por exemplo a través do establecemento de solicitude de cita previa vía internet, sen que semelle polo dagora existir vontade política de recuperar o nivel de presencialidade previo ao inicio da pandemia da COVID-19.

No inicio do curso realizamos unha rolda de posta en común para identificar que tipo de actividades que máis adoitamos facer dende os nosos teléfonos móbiles con internet: videochamadas con familiares e amizades, envío de fotografías e vídeos a través de aplicacións de mensaxería, banca electrónica, ler a prensa ou consultar novas, emprego do correo electrónico ou a realización de xestións vinculadas ás explotacións, como por exemplo as altas e baixas de animais. Algunhas das mulleres participantes xa accedían a formacións previas nestes

sentido, impartidas tanto dende o Sindicato como por outras organizacións.

Após esta primeira parte de análise da situación actual, falamos sobre as dificultades vinculadas ás xestións dixitais, como o medo a non saber facer, os reparos ou inconvintes por cuestión de idade, os problemas na calidade da conexión a internet no rural, ou mesmo o rol que as fillas e fillos maiores están a desenvolver para paliar a fenda dixital nas familias, agravada polo acelerado pulo dado ao modelo económico do capitalismo dixital, e intensificada no marco da xestión política da pandemia. *"É moi importante para nós, como organización e como Secretaría das Mulleres, xuntármolos entre todas para ir abordando este tema, falar dos medos ao emprego das tecnoloxías, ir usando e probando, vendo a utilidade, compartindo experiencias"*, destaca a responsable da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro.

Traballamos neste tema dada a crecente presenza das tecnoloxías nas nosas vidas, incluída a necesidade de trámites online para o acceso a servizos, que as administracións están a impor sen atención ao risco de excluir boa parte da poboación que esas medidas comportan

A segunda parte da formación estivo centrada no emprego do correo electrónico e na localización e instalación de aplicacións para o teléfono móbil. Axudándonos unhas ás outras, partindo da cooperación entre iguais, desenvolvemos un exercicio práctico para identificar se temos enderezo de correo electrónico, así como a instalación dunha aplicación para escanear documentos e unha proba de envío de correo electrónico con adxuntos.



Programa de rexeneración urbana e rural no ámbito da ARI da Ribeira Sacra

Vén de abrirse o prazo para presentar a documentación necesaria de cara a obter a cualificación definitiva para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural previsto no R.D. 106/2018, do 9 de marzo, polo que se

regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, no ámbito da área de rehabilitación integral (ARI) da Ribeira Sacra.

O prazo de presentación de solicitudes para cualificación provisional e a cualificación definitiva xa está aberto e finalizará o **31 de decembro**.

Indemnizacións por sacrificio de animais e axudas de reposición

Indemnizacións polo sacrificio obrigatorio ou morte de animais, ou pola destrución de produtos, no marco de programas ou actuacións oficiais de vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades ani-

mais, e pola morte de animais no contexto das medidas de execución de actuacións sanitarias oficiais. Complementáanse con axudas para repoñer os animais mortos.

Prazo: 30 de novembro de 2021

Cobertura de indemnizacións por violencia machista

Poderán ser beneficiarias destas axudas de indemnización as mulleres, maiores de idade ou emancipadas, vítimas de violencia de xénero e todas as persoas que dependan económica

e/ou asistencialmente dunha muller que sofra violencia de xénero. Máximo de 6.000 euros por cada persoa beneficiaria, excluídos xuros de mora.

Prazo: 30 de novembro

Axudas a fill@s de vítimas da violencia de xénero e mulleres graves por agresións machistas

Poderán ser beneficiarias destas axudas as fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero; ou aquelas mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, que no momento dos feitos residan en Galiza.

Trátase dunha axuda directa co obxecto de garantir que o feito causante (morte da nai ou lesións graves, por mor dunha agresión por violencia de xénero) supoña un menor prexuízo económico para os fillos e fillas orfos, e para as propias vítimas gravemente feridas. **O prazo estará aberto até o 30 de novembro.**

Axudas para utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo

Axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo no marco do PDR de Galicia 2014-2020, financiadas co instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), participación do 100 % de fondos da UE.

Poderán ser beneficiarias da axuda regulada nesta orde:

a) As cooperativas agrarias.

b) As cooperativas de explotación comunitaria da terra de 5 ou menos anos de antigüidade.

c) Sociedades agrarias de transformación procedentes da fusión de, polo menos, dúas explotacións, nos últimos 5 anos naturais (SAT de fusión).

Prazo: 21 de outubro de 2021

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Enroladora Welger.
En Cospeito.
☎982 505 755 (Salustiano)

Véndese

-Cabras.
☎981 446 501

Véndese

-Vacas galegas preñadas.
En Abadín (Lugo).
☎982 508 249 / 633 360 884

Véndese

-Tanque de 1.600 litros.
-Circuíto Manus trifásico de 6 puntos con lavado automático e pulsación electrónica.
En Vilarmaior (A Coruña)
☎619 521 685 (Rosa)

Véndese

-Autocargador.
☎626 686 509 (Cándido).

Véndese

-Tanque Packo de 1.000 litros.
-Rotoempacadora Morra.
☎669 983 716 (Lola)

Véndese

-Tractor Kubota de 77 CV, ano 2003. En Lánara (Lugo).
☎669 142 484

Véndese

-Véndese Tractor Same 120CV
-Desensiladora Fella.
-Tractor Barreiros (antigüidade)
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Dúas novillas e dúas vacas preñadas rubias (O Corgo).
☎689 752 400

Véndese

-Rulos de maízo (microsilos).
-Rulos de herba picada.
En Ordes.
☎650 149 217

Véndese

-Máquina de apañar patacas, de un rego. Moi bo estado.
-Coche Opel Astra, gasolina, 185.000km. Bo estado.
☎650 321 118 (Tito)

Véndese

-Autocargador hidráulico.
-Rotativa de 3,50 metros.
Por xubilación. En Meira
☎982 330 623 / 662 471 38

Véndese

-Tanque nitróxeno líquido.
-Desconxelador Paxuelas.
-Abonadora 1.000kg.
-Sulfatadora Hardi
-Fresadora Howard 3M con sementadora.
-McCormick GTX 200.
☎648 611 395

Véndese

-Rotativa de 5 pratos e 2.10m. de corte.
-Autocargador Europa.
☎618 244 883 (Suso)

Véndese

-Arado Kuhn de tres regos.
Zona de Touro.
☎606 630 583

Véndese

-Cisterna 1.800l. Moi bo estado, pouco uso.
-Segadora de peine para tractor Pascualin con brazos e peines de reposto. Moi bo estado.
-Muxidora Flamme seminova. Uso individual. Equipamento completo.
☎618 075 633 / 981 196 114

Véndese

-Tractor Same Explorer II 80 CV, con cabina (1350 h de uso). Pala con cazo e soporte de 6 pinchos. Remolque con canizas metálicas, pincho individual dianteiro e traseiro, abonadora metálica e desbrozadora con cadeas e coitelas, todo practicamente sen uso. (Boimorto)
☎606 565 196 / 653 808 786

OUTROS

Búscase

-Traballador/a para explotación de leite.
Zona Irixoa
☎679 472 922

Desfaise

-Explotación de vacún de leite. Inclúe vaca recién parida de 4 anos.
Zona Monfero
☎667 001 583



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

OS SEGUROS PARA O GANDO

Por **ANA EIRAS**,
técnica en seguros do SLG

Financiado por Entidad Estatal de Seguros Agrarios, O.A. (ENESA). Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

A actividade agrogandeira é, dentro das actividades labregas, a máis propensa a sufrir perdas por clima adverso e enfermidades. Unha boa capacidade de anticipación pode axudarnos a evitar riscos que poden poñer en perigo a viabilidade do noso medio de vida.

Os seguros agrarios son os mecanismos que temos para reparar estes danos extraordinarios. Todos contan

con subvencións da Entidade Nacional de Seguros Agrarios (Enesa) e da comunidade autónoma, coa opción de fraccionar o pago co aval da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (Saeca).


Na actualidade, temos un sistema de seguro agrario combinado con seguros de gando, seguros agrícolas, seguros forestais e acuícolas.

Nesta publrreportaxe, imos centrarnos nos seguros para o gando, con dúas novidades. Por unha banda, equipáranse os valores de animais con logotipo de raza autóctona aos das explotacións con IXP. Por outra, cúbrese a morte e o sacrificio necesario ou o sacrificio económico de animais como consecuencia de ataques de fauna salvaxe ou asilvestrada.

LEMBRA QUE NO SLG PODEMOS TRAMITARCHE O SEGURO COA COBERTURA QUE MÁIS LLE CONVEÑA Á TÚA GRANXA

Infórmate en calquera das nosas oficinas bit.ly/enderezosSLG

Liña 401: Seguro para explotación de gando vacún de produción e reprodución



Garantía básica:

- ✓ Saneamento básico.
- ✓ Febre Aftosa e Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB).
- ✓ Adversidades climáticas, incendio e derrube de instalacións.
- ✓ Ataque de animais.
- ✓ Mortalidade masiva.

Garantías adicionais:

- (Contratación opcional)
- ✓ Accidents individuais.
 - ✓ Parto.
 - ✓ Morte de crías.

- ✓ Mamite ou brote de mamite.
- ✓ Determinadas enfermidades.
- ✓ Síndrome respiratorio.
- ✓ Meteorismo agudo.
- ✓ Caruncho.
- ✓ Morte súbita.
- ✓ Diminución da prolificidade.
- ✓ Perda de calidade do leite.
- ✓ Mortalidade por diversas causas.
- ✓ Ampliación da cobertura de saneamento.
- ✓ Privación de acceso a pasteiros por saneamento.
- ✓ CeD. Retirada e destrución de cadáveres.

Liña 404: Seguro para explotación de gando ovino e caprino



Garantía básica:

a) Para explotacións de reprodución

- ✓ Accidents climáticos.
- ✓ Incendio. ✓ Electrocución.
- ✓ Estrangulamento. ✓ Atropelo.
- ✓ Afogamento. ✓ Derrube.
- ✓ Despenamento. ✓ Asfixia.
- ✓ Amoreamentos. ✓ Ataque de animais. ✓ Intoxicación aguda.
- ✓ Meteorismo. ✓ Febre Aftosa.
- ✓ Sacrificio obrigatorio por mal das ovelas tolas (*tembladera*, *scrapie*) para explotacións lácteas ou puras.
- ✓ Mortalidade masiva reprodutores.
- ✓ Recría

b) Cebadeiros ou centros de tipificación:

- ✓ Febre Aftosa.
- ✓ Morte masiva de crías.

Garantías adicionais (opcional):

- ✓ Saneamento gandeiro por brucelose (Melitensis) e tuberculose caprina.
- ✓ Privación de acceso a pastos
- ✓ Perda de reprodutores.
- ✓ Retirada e destrución cadáveres.
- ✓ Contaminación do leite por aflatoxinas (o valor do leite e o custe da súa destrución).
- ✓ CeD. Retirada e destrución de cadáveres.

SUBVENCIONES DE ENESA - SEGUROS GANADO PLAN 2021													
COD.	LIÑAS	% SUBV. BASE	% SUBV. BASE CANARIAS	% SUBV. CONTRAT. COLECTIVA	% SUBVENCIÓN POR FINANCIACIÓN (SAECA)	% SUBV. POR CARACTERÍSTICAS D@ ASEGURAD@ (5)				% (2) CONTINUIDADE ASEGURAMENTO	PRACTICAS RED.RISCO % ADSG	CONDIC. PRODUCT. % PROD. ECOLOX.(4)	% (1) ENTIDADES ASOCIATIVAS
						GANDEIRO/A PROFESIONAL	EXPL. PRIOR.	ORGAN. PROD.	GANDEIRO/A MOZO/A				
CÓDIGOS EN PÓLIZA													
401	S. DE EXPL. GANDO VACÚN DE REPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN	16	26,40	5	1	10	10	10	20	5	5	3	39
404	S. DE EXPL. GANDO OVINO E CAPRINO	16	26,40	5	1	10	10	10	20	5	5	3	39

(1) Subvención única incompatible coas demais. (2) Aplicar en función da información remitida en ficheiros de aprobación do condicionado de cada liña. (3) Subvención base €/cabeza, segundo especie: Ovino e caprino - 0'56 €/cabeza. Bovino - 2,37 €/cabeza (4) A subvención por produción ecolóxica só se aplica se a totalidade dos animais cumpren as normas específicas da normativa comunitaria para obter a cualificación de "producción" ecolóxica. (5) Nas subvencións por características d@ asegurad@ só poderán acollerse a unha das opcións

Desde finais de 2019, os gobernos galego e español tramitan en conxunto uns 75 megaparques eólicos, que se suman aos 180 xa en explotación. A cobiza do lobby enerxético na Galiza non ten límite e pretende ata 2030 duplicar a potencia instalada, ampliando as áreas de expansión eólica a vales, zonas húmidas, agras, primeira liña de costa e, incluso, preto dos núcleos de poboación, a carón das nosas casas. Galiza xa conta con máis de 4.000 aeroxeradores instalados nos nosos montes.


Galiza no punto de mira do oligopolio enerxético

Neste momento, a Galiza xa supera xa os 100 concellos con estacións eólicas. Temos o maior nº de aeroxeradores por habitante do Estado español. No 2020, a potencia instalada aquí acadou os 130 kW/km², fronte os 54 kW/km² do Estado español, ou os 72 kW/km² de Alemaña.

As empresas enerxéticas empregan un modelo oportunista e fraudulento, que pintan de verde, como limpo e ecolóxico, esnaquizando o territorio con proxectos eólicos fragmentados para evadir a normativa legal e o pago de impostos. Prima absolutamente o interese e beneficio das grandes eléctricas cunha lexislación que favorece o oligopolio enerxético fronte aos dereitos das comunidades locais. Unha normativa agravada pola Lei galega de fomento da implantación de iniciativas empresariais de 2017 e pola Lei de simplificación administrativa deste mesmo ano 2021, un complemento á xa coñecida como Lei de Depredación, que permiten axilizar a tramitación e posta en marcha dos novos proxectos eólicos restrinxindo a participación pública, facendo irrelevante a conservación do medio natural e do patrimonio, e outorgándolle ás empresas dereitos de usurpación das terras. Mentres, nós, seguimos a pagar unha factura de electricidade cada vez máis alta.

Hai resposta

A invasión eólica segue avanzando e cada vez son máis as persoas, tanto no rural como



nas cidades, preocupadas por esta situación. Milleiros delas participamos o 5 de xuño na manifestación “Eólica, así non”, convocada por varios colectivos e organizacións ecoloxistas e sindicais en Compostela, que apoiamos dende o SLG.

Hai cuestión chave que continúan a ficar veladas unha e outra vez nos discursos oficiais e mediáticos: o impacto ambiental da minaría necesaria para a fabricación dos aeroxeradores ou a inexistencia de plans para a reciclaxe das pás de muíño son só dous exemplos.

Aliás, nestes últimos meses estamos a realizar asambleas informativas a nivel de parroquia, de concello ou de comarca polo país todo. Tamén participamos nos Roteiros Reivindicativos contra os Macroéólicos e a Defensa do Rural que partiron dende A Capela, Cabanas, Monfero e Pontedeume o 5 de setembro. Nesa mesma fin de semana, a Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba, foi unha das poñentes da mesa redonda ‘O rural galego vaise co vento?’, convocada polo colectivo na defensa da terra “Salvemnos a comarca de Ordes”.

Na súa intervención visibilizou algunhas das cuestións chave que costuman ficar veladas nos discursos oficiais e da maioría da prensa empresarial: os enormes impactos ambientais da minaría necesaria para a fabricación dos aeroxeradores, ou a inexistencia a día de hoxe de ideas para reciclaxe das pás dos muíños, para as que até agora só se propón o enterramento. Ademais do perigo de poñer en risco unha realidade, a capacidade do sector primario do noso país para producir alimentos de calidade, para favorecer unha industria eléctrica que logo está a condenar a pobreza enerxética cada vez máis sectores da poboación.

Nos vindeiros meses seguiremos traballando para visibilizar a destrución do modelo intensivo de enerxía eólica que está invadindo o noso país, e para frearmos entre todas e todos este novo ataque do capitalismo enerxético.